



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS E EMPRESARIAL PARTICIPANTES NO DIÁLOGO SOCIAL EN GALICIA (CEG, UGT-GALICIA, S.N. de CC.OO de Galicia) EN MATERIA DE IGUALDADE LABORAL E FENDA SALARIAL**

En Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Francisco Conde López, conselleiro de Economía, Emprego e Industria, en nome e representación do departamento do que é titular en virtude das facultades representativas propias do seu cargo, derivadas do disposto no Decreto 148/2016, de 13 de novembro, do seu nomeamento, e do artigo 26 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e a súa presidencia.

Doutra parte,

D. Antonio Fontenla Ramil, con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de representante da Xunta de Vicepresidentes da CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA - CEG, en nome e representación da dita organización e das organizacións territoriais integradas.

D. José Antonio Gómez Gómez, con DNI \_\_\_\_\_ en calidade de Secretario Xeral da entidade UGT GALICIA, en nome e representación da dita organización.

D. Ramón Sarmiento Solla, con DNI \_\_\_\_\_, en calidade de Secretario xeral da entidade SN DE CCOO GALICIA, en nome e representación da dita organización.

Recoñecéndose todos eles que interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que teñen conferidas para convir en nome das entidades que representan,



## MANIFESTAN

I.- Que o Decreto 135/2017, do 28 de decembro, establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, no que se adscribe a este departamento da Administración Autonómica, entre outras, as competencias en políticas activas de emprego, política laboral, relacións laborais, seguridade e saúde laboral, orientación e promoción laboral.

Que no exercicio destas funcións á Secretaría xeral de Emprego lle corresponde a dirección e coordinación das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, así como a promoción, coordinación, desenvolvemento, control e execución das competencias da Comunidade Autónoma en materia laboral, responsabilidade social empresarial, igualdade laboral e de medidas de conciliación da vida persoal, familiar e laboral nas empresas, así como a modulación das relacións laborais cos axentes económicos e sociais.

II.- Que o presente convenio de colaboración formalízase baixo o disposto no parágrafo primeiro da Resolución do 8 de abril de 1991, na que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de colaboración con particulares e con outros entes públicos, enmarcándose dentro do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Así mesmo, axústase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no seu artigo 26.2 a) e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

III.- Que a inicios do ano 2019, as entidades participantes no Diálogo Social de Galicia (as organizacións máis representativas UGT- Galicia, S.N. de CC.OO de Galicia e a CEG) xunto coa Xunta de Galicia iniciaron un proceso que aborda distintas temáticas laborais sendo unha delas a cuestión relativa á Igualdade de oportunidades e fenda salarial, para o que se constituíu unha Mesa específica, a “Mesa 1 - Igualdade de Oportunidades” que ten por obxectivo acadar un mercado laboral en igualdade, sen discriminacións por razón de xénero.



IV.- Que a devandita Mesa 1 do Diálogo Social de Galicia marcouse dende o principio abordar a igualdade laboral e de oportunidades chegando a unha serie de acordos entre os que se atopa o relativo á creación, como experiencia piloto, de gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral e contra a fenda salarial.

V.- Que o carácter singular e as razóns que acreditan o seu interese público, social e económico, así como a dificultade da súa convocatoria pública ven motivada polas circunstancias de ser unha actuación pioneira, que se enmarca dentro do proceso de diálogo social en Galicia e porque o resultado das accións destes gabinetes serán elevados á Mesa 1 de Diálogo Social para que se elabore unha diagnose definitiva da situación e sirva para que siga avanzando no desenvolvemento das súas accións a prol da igualdade de oportunidades, polo que en base ao acordado os gabinetes técnicos en materia de igualdade laboral realizarán o seu labor seguindo as pautas de actuación que lles indique a Comisión de Seguimento deste convenio en coordinación coa Mesa 1 de Diálogo Social o que reforza o carácter singular desta acción concibida como experiencia piloto

En base ao anterior, as partes asinantes ACORDAN o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN de acordo coas seguintes:

### CLÁUSULAS

#### **PRIMEIRA.- Obxecto do convenio e destinatarios.**

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e as organizacións participantes do diálogo social, respecto das actuacións que en materia de **Igualdade de oportunidades e fenda salarial** se poñan en marcha no actual proceso de Diálogo Social en Galicia.

**SEGUNDA.- Actuacións a realizar.**

Froito do diálogo social acórdase poñer en marcha un Programa de impulso da igualdade laboral e contra a fenda salarial e para sentar as bases do mesmo, se apoiará, como unha experiencia piloto, a creación de Gabinetes Técnicos en materia de Igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial, por parte das organizacións sindicais e empresarial participantes no Diálogo Social de Galicia que desenvolverán o seu funcionamento coa coordinación da comisión de seguimento deste convenio, e con base nos avances que se desenvolvan na Mesa 1 do Diálogo Social de Galicia.

Para levar a cabo o acordado na Mesa 1, os interlocutores sociais participantes no proceso do diálogo social, poderán adscribir a estes Gabinetes, persoal propio ou ben contratar persoas expertas en igualdade laboral, que se dedicarán a tempo completo, e que deberán contar con formación e/ou experiencia acreditada en materia de Igualdade de xénero e de oportunidades.

O persoal adscrito a estes Gabinetes desenvolverá accións directas de apoio a empresas e persoas traballadoras en procura da igualdade laboral e de oportunidades e da redución da fenda salarial de xénero.

Concretamente, o persoal destes Gabinetes responsabilizarase de:

- Apoiar tecnicamente e asesorar ás empresas e aos representantes sindicais no fomento da igualdade laboral en ámbitos como: contidos da negociación colectiva e introdución da perspectiva de xénero, proceso de selección e contratación, clasificación profesional, formación, promoción profesional, condicións de traballo, exercicio corresponsable dos dereitos da vida persoal, familiar e laboral, infrarrepresentación feminina, retribucións, prevención do acoso moral, sexual e por razón de sexo, etc.
- Apoiar ás empresas e persoas traballadoras na definición e desenvolvemento dos plans de igualdade, así como á súa avaliación e seguimento.
- Formación para responsables da negociación colectiva en materia de igualdade e plans de igualdade.

Así mesmo, o persoal técnico desenvolverá un traballo de diagnose permanente, dende o punto de vista da igualdade e da fenda salarial, a través de diferentes actuacións, que poderán ser realizadas de entre as que a continuación se relacionan:





- Análise sectorial dos Plans de igualdade que formen parte dun Convenio colectivo.
- Elaboración de Informes sectoriais sobre situacións relativas a sectores feminizados, masculinizados, e sobre sectores con mellores condicións de traballo e salario.
- Identificación de boas prácticas en Plans de Igualdade laboral de empresas galegas.
- Impulsar programas de información e sensibilización e formación dirixidos ás persoas negociadoras de convenios colectivos, segundo o acordado na mesa de diálogo social.
- Propostas para elaboración dunha ferramenta dixital autonómica sobre Fenda salarial, segundo o acordado na Mesa de diálogo social.
- Xornadas, talleres, seminarios e demais actividades formativas, informativas e divulgativas.
- E aquelas outras consideracións que contribúan a mellora ea redución da fenda salarial e a igualdade laboral e de oportunidades.

#### **TERCEIRA.- Ámbito de aplicación e vixencia do convenio.**

O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o día da súa sinatura ata **31 de xullo de 2020** e abranguerá todas as actuacións sinaladas na cláusula segunda do presente convenio, desenvolvidas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.


#### **CUARTA.- Orzamento e financiamento das actuacións.**

O importe total das subvencións que concederá a Consellería de Economía, Emprego e Industria para o desenvolvemento das actuacións previstas na cláusula segunda do presente convenio será de **300.000,00 euros**, dos cales 100.000,00 euros correspóndese coa anualidade de 2019 e 200.000,00 coa anualidade de 2020.

Do orzamento da anualidade de 2019 á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), corresponderalle un máximo de 50.000,00 euros, á UGT Galicia un máximo de 25.000,00 euros e ó SN de CCOO un máximo de 25.000,00 euros

Do orzamento da anualidade de 2020 á Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), corresponderalle un máximo de 100.000,00 euros, á UGT Galicia un máximo de 50.000,00 euros e ó SN de CCOO un máximo de 50.000,00 euros

5



Dito importe sufragará o custo laboral total do persoal dos Gabinetes, así como os gastos dos custes relativos á celebración das xornadas, talleres informativos/ formativos, actividades divulgativas e/ou elaboración de estudos e informes.

Así mesmo poderanse imputar gastos xerais tales como a compra de material funxible, gastos de deseño, maquetación, impresión, distribución e publicidade e gastos indirectos, relacionados directamente coa actividade realizada.

No caso da entidade empresarial CEG poderá crear Gabinetes Técnicos en materia de igualdade laboral e de oportunidades e contra a fenda salarial, en cada unha das organizacións territoriais integradas na CEG, baixo a coordinación da mesma e cos requisitos establecidos neste Convenio. Para estes efectos, tamén poderán desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, como entidades beneficiarias, os membros asociados da CEG que se comprometan a executar a totalidade ou parte da actividade que fundamenta a subvención en nome ou por conta desta.


A achega financeira da Consellería de Economía, Emprego e Industria para os anos 2019 e 2020 e será con cargo á aplicación orzamentaria de gasto 09.40.324A.480.6 código de proxecto 2019 00016.

#### **QUINTA.- Pago das actuacións.**

As entidades beneficiarias poderán solicitar, a partir da sinatura do presente convenio, pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio. Os pagamentos anticipados serán de ata o 90% do importe para cada unha das anualidades.

Así mesmo, as entidades beneficiarias poderán solicitar, a partir da data da sinatura do presente convenio de colaboración pagos parciais na forma exposta na cláusula seguinte do presente convenio, unha vez realizados os gastos correspondentes ás actividades dos que este é obxecto.

A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderán superar cada anualidade da subvención.





**SEXTA.- Prazo e forma de xustificación.**

A subvención aboarase en dúas anualidades e a xustificación das subvencións percibidas no marco do presente convenio efectuarase por parte de cada unha das entidade asinantes antes do día de 30 de xaneiro de 2020 no caso da anualidade de 2019 e antes do día 15 de xullo de 2020, no caso da anualidade de 2020.

Serán subvencionables para o ano 2019 os gastos realizados ata o 31 de decembro de 2019 e para o ano 2020 os realizados ata o 30 de xuño de 2020.


A solicitude de pago deberá achegar unha memoria explicativa das actividades desenvoltas con cargo ao gasto certificado, na que se deberán incluír todas as actuacións realizadas sinaladas na cláusula segunda.

Considéranse ao abeiro do artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no prazo establecido, e considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do prazo de xustificación do presente convenio. En todo caso, estes pagos deberán referirse a actuacións desenvoltas entre a data de sinatura do presente convenio e o 31 de decembro de 2019 e o 30 de xuño de 2020, respectivamente

Para os efectos de xustificación, terán a consideración de gastos elixibles os custes salariais das persoas asignadas aos Gabinetes de Igualdade Laboral, os gastos xerais e indirectos así como os derivados dos informes e traballos técnicos, das actividades formativas e das xornadas e accións divulgativas, de acordo co establecido na cláusula cuarta.

A acreditación do gasto farase mediante contratos de traballo, documentos de cotización á Seguridade Social, facturas, nóminas ou xustificantes correspondentes, acompañadas dos xustificantes de pagamento bancario destas. Todas as facturas, nóminas e xustificantes presentados deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade beneficiaria e ao período que abrangue a subvención.

A relación completa de gastos presentarase en soporte electrónico á Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).



No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria diminuírase proporcionalmente. Así mesmo no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión desta subvención, as entidades están obrigadas ao reintegro parcial ou total das mesmas.

O cobramento das cantidades reflectidas neste convenio serán compatibles coa percepción de calquera outra axuda pública ou privada da mesma natureza.

### **SÉTIMA.- Requisitos e Obrigas.**

As entidades beneficiarias deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e estarán suxeitas ao cumprimento das obrigas recollidas no artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

As entidades asinantes do presente Convenio, conforme ao disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumen as seguintes obrigas:

- a. Levar a cabo as actuacións do Convenio.
- b. Xustificar ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria o cumprimento dos requisitos e condicións inherentes ao presente convenio.
- c. Someterse ás actuacións de comprobación que vai efectuar a Consellería de Economía, Emprego e Industria, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control financeiro competentes, como é a Dirección xeral de Planificación e Fondos, da Consellería de Facenda, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d. Comunicarlle á Consellería de Economía, Emprego e Industria a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.
- e. Acreditar que están ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social.
- f. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos





sexan esixidos coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

- g. Conservar os documentos xustificativos da subvención concedida, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- h. Adoptar as medidas de divulgación e publicidade contidas na cláusula décima primeira.
- i. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos recollidos no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **OITAVA- Comisión de Seguimento.**

Crearase unha Comisión de Seguimento do presente Convenio para a avaliación e coordinación, así como para incorporar modificacións e/ou posibles correccións necesarias para unha axeitada xestión das actuacións previstas. A Comisión de Seguimento deste convenio indicará a metodoloxía e prioridades de actuación dos gabinetes e fixará criterios homoxéneos para documentar os materiais resultantes (informes, estatísticas, memorias, etc) que sirvan de base para elevar á Mesa 1 do Diálogo Social un documento de diagnóstico da experiencia piloto.

A Comisión de Seguimento estará composta por dúas persoas representantes de cada entidade asinante do convenio.

#### **NOVENA- Rexistro de convenios. Transparencia e bo goberno**

As entidades asinantes consenten en que se inclúa e faga pública no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios a achega outorgada por medio do presente convenio, de acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### **DECIMA .- Divulgación e publicidade**

No marco das obrigas de divulgación, información e publicidade, as entidades beneficiarias comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración debendo constar expresamente " coa colaboración da Xunta de Galicia" e co anagrama da Xunta de Galicia

(<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/a-marca>) no desenvolvemento das actividades conveniadas así como nas xornadas, estudos, informes e no material de difusión empregado.

#### **DÉCIMA PRIMEIRA.- Protección de datos de carácter persoal**

1. As partes asinantes comprométense a cumprir en todo momento o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais, e demais normativa vixente en materia de protección de datos.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas.**

A Consellería de Economía, Emprego e Industria terá libre acceso aos datos, resultados e conclusións que se deriven das accións previstas para os Gabinetes e que se realicen no marco deste convenio, e poderá utilizalos no exercicio das súas propias funcións e competencias.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Extinción do convenio.**

Este convenio extinguirase por terminación do prazo de duración, por incumprimento dalgún dos seus asinantes das estipulacións, requisitos e obrigas contidas nel ou por mutuo acordo das partes.

#### **DÉCIMO CUARTA.- Normativa aplicable.**

Sen prexuízo de calquera outra normativa que resulte aplicable, seranlle de aplicación ao presente convenio:

- A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.
- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público no seu capítulo VI.

#### **DÉCIMO QUINTA.- Natureza do convenio.**

O presente convenio ten natureza xurídico - administrativa.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes asinantes deste convenio sobre a súa interpretación, execución ou resolución serán



resultas, en primeiro termo, no seo da Comisión de Seguimento a que se refire a cláusula novena.

Se non hai acordo, decidirá a persoa titular da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os seus acordos poñen fin á vía administrativa e someteranse á Orde Xurisdicional Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan por cuadruplicado o presente convenio no lugar e data sinalados no encabezamento, rubricando cada unha das páxinas de que consta.

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria

Asdo. Francisco Conde López

Pola CEG

Asdo. Antonio  
Fontenla Ramil

Por UGT-Galicia

Asdo. José Antonio  
Gómez Gómez

Polo SN de CCOO de Galicia

Asdo. Ramón Sarmiento Solla

